



SPM/jgf

Asunto: Contestación consulta Fundación Meniños concerto BS213G

A Fundación Meniños presentou o 12/01/2023 unha solicitude en relación coa Resolución do 23 de decembro de 2022 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de intervención con nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213G).

En concreto, a cláusula Q.4 do Anexo I da dita resolución, que se refire aos medios para a prestación do servizo, sinala que o equipo técnico deberá estar constituído por persoas co perfil de psicoloxía sanitaria ou especialista en psicoloxía clínica.

En resumo, a entidade considera que o obxecto do servizo debe ser atendido por persoal con titulación de Psicoloxía, se ben non só por aquelas persoas con cualificacións orientadas ao ámbito sanitario, senón tamén ao ámbito social.

Non obstante, consultada esta cuestión coa administración sanitaria e co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, considérase que a redacción da convocatoria do procedemento de asignación é correcta, ao ser necesaria a orientación sanitaria que recolle o texto para atender da forma máis adecuada a poboación destinataria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O xefe do Servizo de Protección de Menores

FUNDACIÓN MENIÑOS

